



A crise das caricaturas na Lusofonía

Description



Atendendo ao tamaño relativo, as comunidades musulmás máis importantes da Lusofonía son as de Mozambique e Guiné Bissau.
(Ilustración: [Mecca](http://www.meccagallery.com) (asgallery.com)).

Aínda hoxe os ecos derivados da publicación das caricaturas do profeta Maomé resoan nos medios de comunicación mundiais, evocando expresións infelizmente violentas e mesmo brutais. Así e todo, neste artigo valerémonos da crise internacional provocada polas caricaturas para achegámonos á comunidade musulmá lusófona, a fin de coñecermos un pouco mellor a súa importancia e o seu carácter, camiñando así na dirección, necesaria para unha convivencia harmónica, dunha maior consciencia respecto doutros pobos do mundo, aproximándonos neste caso a unha comunidade que fala a mesma lingua que nós ou, no mínimo, que usa un código lingüístico tremendamente próximo do noso.

Será bo comezarmos por aseverar que as comunidades islámicas importantes da Lusofonía son, esencialmente, dúas: a da Guiné Bissau e a de Mozambique, onde representan o 20% e o 45%, respectivamente, do total poboacional. Existen, é certo, este tipo de comunidades no Brasil e en Timor Leste tamén, mais o seu peso relativo é marxinal nestes países, de maneira que as súas reaccións nesta crise internacional, se existiron, teñen ficado no silencio mediático.

A resposta das comunidades musulmás na Guiné Bissau e en Mozambique perante as caricaturas de Maomé publicadas en xornais occidentais consistiu, nun primeiro momento, nunha formidábel demostración de madurez cívica e admirábel tolerancia nunha altura en que as súas comunidades homólogas noutros países emprendían accións de protesta cargadas, por momentos, de extrema violencia. Foi así que no día 13 de febreiro o Conselho Superior dos Assuntos Islâmicos da Guiné Bissau (CSAI-GB) manifestaba o seu desagrado pola publicación das caricaturas expresando, á vez, que condenaba a onda de violencia contra embaixadas e intereses dinamarqueses e descartando calquera tipo de mobilización para evitaren incidentes. En Mozambique, o Conselho Islâmico de Moçambique (CIM), a través do seu presidente, Aminuddin Mohamad, aseveraba no día 8 de febreiro que compartillaba a *raiva* e ira dos musulmáns *contra* as caricaturas á vez que condenaba os ataques a embaixadas dinamarquesas e norueguesas, apelando á contención e descartando mobilizacións para evitar, tamén, que *axitadores* infiltrados tiren proveito da situación, para manchar os musulmáns *acrecentando* aínda os mozambicanos que os *súbditos* de Maomé, temos de dar proba de perdón e cabeza fría perante a provocación, pois el reaccionou así en momentos difíciles *contra*.

Mais perante estas demostracións de tolerancia e madurez das comunidades islámicas lusófonas, os medios de comunicación social dos respectivos países, facendo unha lectura facilmente cualificábel de irresponsábel do dereito á libre expresión, decidiron liderar desafíos delicadamente provocadores e sospeitosamente coincidentes no tempo.

O Diário de Bissau, un dos xornais con maior tiraxe no país, publicaba as caricaturas da discordia no 17 de febreiro causando a convocatoria, por parte do CSAI-GB, dunha *manifestación pacífica* *contra* para o día 24. A reacción do

proprietario do DiÃrio de Bissau producÃase de maneira inmediata en forma de pedido de desculpa, dando lugar a unha nova mostra de civismo, consistente na desconvocatoria da manifestaci3n e na aseveraci3n, por parte de lÃderes relixiosos, de que aœna nosa relixi3n, quen erra e pide desculpa 3 inmediatamente desculpado3n.

No entanto, se de algo nos est3 a servir a crise das caricaturas 3 hora de nos aproximarmos 3 comunidade isl3mica da Guin3 Bissau 3 para comprobarmos que est3 dividida, o que a fai caer en contradici3ns e, conseguintemente, en descr3dito e debilidade negociadoras. 3 asÃ que no primeiro dÃa do presente mes, o Consello Isl3mico da Guin3-Bissau, contrariando a decisi3n do CSAI-GB e evidenciando asÃ a divisi3n intra-comunitaria, convocou unha aœmanifestaci3n pacÃfica3n para o dÃa 3.

En Mozambique era o semanario Savana, no mesmo dÃa 17 de febreiro, o que publicaba sete das doce caricaturas de Maom3 causando a convocatoria e celebraci3n dunha manifestaci3n para a tarde dese mesmo dÃa. Neste caso, no entanto, os musulm3ns non reivindicaban s3 un pedido de desculpas do director do xornal, a súa reacci3n era m3is dura: decidÃan rescindir todos os contratos de musulm3ns co semanario e esixiren a dimisi3n do director e do redactor; unhas dimisi3ns que non se produciron at3 hoxe e que continúan a reivindicar para voltaren 3 calma, pois desde ese dÃa t3ñense sucedido mobilizaci3ns que, sen chegaren a ser especialmente graves, si t3ñen producido pequenos danos materiais nalg3n caso.

Al3n dunha aparente maior unidade dos musulm3ns mozambicanos, o feito de seren a comunidade de maior poder econ3mico do paÃs coloca o tal colectivo nunha posici3n de forza not3bel que at3 a altura non tiñan usado para exerceren presi3n. Mais isto poderÃa mudar a partir de agora. Por un lado, o goberno mozambicano recoñece implicitamente a forza do islamismo no paÃs ao non condenar, polo momento, os seus actos violentos recentes a pesar de teren sido encoraxados a facelo desde determinados sectores sociais. Por outro, a existencia dun eventual inimigo com3n, o Savana e o grupo medi3tico ao que pertence, a Mediacoop, contribuir3 sen d3bida para intensificar o sentimento de uni3n e lubrificar as estruturas organizativas, aumentando asÃ a capacidade e poder de mobilizaci3n comunitaria. Finalmente, aÃnda se poderÃa engadir a posibilidade de na secuencia destes acontecementos a comunidade musulm3 vir a tomar maior consciencia do seu poder.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Ãfrica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Marzo 13, 2006

Meta Fields

Autoria : 3772

Datapublicacion : 2006-03-13 00:00:00